

Criticalia

Blog de Armando Requeixo

Pola banda de Laíño, con Neto e Lorenzo Baleirón



Dodro foi onte a landa na que pousou o merlo branco da poesía. O día presentíao, véspera da marcha dun dos autores máis admirados das últimas décadas: [Eusebio Lorenzo Baleirón](#). Había que honrar a súa memoria. Había tamén que axudar a que frutificase a semente do seu exemplo en versos novos.

Con tal motivo, e convocados polo [Concello de Dodro](#) —Valentín Alfonsín Somoza á fronte como alcalde, Cristina Codesido Fernández guiando como concelleira de Cultura—, ás 11:30h. visitamos o [camposanto de Laíño](#) para achegarnos ata a tumba do [autor](#) de *O corpo e as sombras* e renderlle honores cunha ofrenda floral na que participaron poetas como Paulino Vázquez, familiares como seu irmán, o tamén escritor ademais de profesor Manuel Lorenzo Baleirón, o coordinador do premio Xabier Castro Martínez e os que logo teríamos a responsabilidade da deliberación do [XXVII Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón](#).

Ata Laíño, levamos flores e versos para Eusebio. A pedimento de quen fora íntimo amigo seu, Paulino Vázquez, Berta Dávila recitou un significativo texto das *Elexías de Duino* na tradución galega de Jaime Santoro de Membiela, palabras ás que me sumei coa lectura do poema “Serás sombra da árbore máis vella...” de *A morte presentida*, xusto aquel que encabeza unha cita de Díaz Castro de “Monumento á ausencia”.

Tras o acto no camposanto marchamos deica a Casa da Cultura, onde debatemos a propósito dos trinta e tres orixinais presentados a amentada poeta e narradora Berta Dávila, o tamén poeta Gonzalo Hermo, o profesor, ensaísta e igualmente poeta Román Raña e eu, acompañados polo coordinador do premio Castro Martínez e mais Codesido Fernández, quen actuou como secretaria con voz e sen voto.

Logo de longas e agradecidas deliberacións, o xurado decidiu conceder o galardón ao traballo presentado baixo o título *Zonas de tránsito* e o lema Aserinsky/Blechner. Unha vez aberta a plica soubemos que pertencía a [Ramón Neto](#) (Illa de Arousa, 1975), escritor e tradutor que, dende hai anos, reside en Bruxelas, onde exerce a docencia e traballa como profesional da tradución.

Neto é ben coñecido xa nos eidos poéticos galegos por ter sido distinguido noutros relevantes certames e ver publicados volumes como *A estación única dunha illa* (2010, Premio Xosé María Pérez Parallé), [*As lavandas adaptanse a todo erro de navegación*](#) (2012, Premio Miguel González Garcés) ou *Dominio público* (2013, Certame de Poesía Erótica Illas Sisargas).

Zonas de tránsito, que será publicado por [Sotelo Blanco Edicións](#), amosa unha estrutura en cinco seccións (“Entre as lapelas da noite/ desfragmentación”, “Paisaxe con lámpada de mesa de noite”, “O pouso dunha insomnia/ diario de abordo”, “De limiar en limiar/ breviario de pasos en falso” e “Wege einer Stimme zu einen wahrnehmenden Du/ Os vieiros dunha voz cara un ‘ti’ á escoita”) nas que se alterna a poesía en prosa co poema de verso curto, a lírica intimista que reflexiona sobre o ser e a súa circunstancia e mais a escrita que esponxa no vivenciado, o onírico e a viaxe da existencia, todo orlado con abondosas imaxes de peculiar selo e un posprocesado da ascendencia da mellor lírica xermana en voces como as de Celan, Rilke ou Hölderlin.



O vindeiro día 20 ás 17:30h. Ramón Neto recollerá, no centro de ensino que leva o nome do malogrado poeta dodrés, o premio que o acredita como un membro máis desa irmandade de escritores que, dende hai xa case trinta anos, engrandeceron coas súas creacións un galardón que honra a memoria dun grande das nosas letras contemporáneas e engade prez ás súas terras natais onde, con tanto acerto, manteñen este certame.